



CONDICIÓNS PLAN PERSONALIZADO DE PAGAMENTO-I.V.T.M. 2015

Para acollerse a este sistema será necesario:

- Solicitude do interesado quen deberá aportar coa mesma a correspondente domiciliación bancaria (IBAN). Deberá ser titular da mesma o solicitante
- Que existe coincidencia entre o solicitante e o suxeito pasivo do imposto
- A solicitude deberá formularse ata o día 15 de xaneiro do ano 2015
- Non ter débedas pendentes de pagamento en período executivo
- O importe mínimo da débeda que se require para acollerse a este fraccionamento é de 100 Euros

Recibida a solicitude, o Concello, realizará as actuacións que resulten necesarias para verificar o cumprimento dos requisitos establecidos. En caso de desestimación da solicitude presentada, dictarase a resolución correspondente.

O importe total anual das cotas por o I.V.T.M. distribuirase en oito prazos mensuais, segundo a estimación sobre as cotas líquidas correspondentes ó exercicio inmediatamente anterior. Estes ingresos terán o carácter de pagamentos a conta, debendo facerse efectivo no día do mes que se indique na resolución de inclusión no sistema de pagamento personalizado, mediante a oportuna domiciliación bancaria. O importe do último prazo pasarase ó cobro na conta bancaria días antes da finalización do período ordinario de cobro do imposto.

Se non se fixese efectivo ó seu vencemento o importe dun dos prazos, incrementarase automáticamente a última fracción. A falta de pagamento de dúas cotas consecutivas, determinará a anulación automática do plan personalizado quedando sin efecto para os períodos sucesivos , iniciándose o período executivo do ingreso sobre a totalidade da débeda pendente de pagamento ó día seguinte do vencemento do período voluntario de cobro correspondente.

O importe das cotas impagadas poderá abonarse sen recargo nin intereses antes da finalización do prazo voluntario de pagamento.

Cando non se efectuase o pagamento do último dos prazos, finalizado o período voluntario de ingreso, iniciarase o período executivo pola cantidade pendente, cos correspondentes recargos e intereses de demora esixibles.